

Festival Internacional
de Teatro Universitario da Coruña

2025

Edic. 30

Coruña
Festival
de Teatro
Universitario

Coruña
Festival
de Teatro
Universitario

9 Abr. / 25 Abr.
Centro Ágora

— ENTRADA GRATUÍTA ATA COMPLETAR AFORO —

22 Abr.
Fórum Metropolitano

— ENTRADA GRATUÍTA ATA COMPLETAR AFORO —

22 Abr. / 14 Maio
Teatro Rosalía de Castro

— ENTRADA GRATUÍTA ATA COMPLETAR AFORO —

M.9/04

TEATRO

20:30 h.AULA DE TEATRO DA USC
AULA UNIVERSITARIA DE SANTIAGO

AGAMENÓN, VOLVÍN DO SUPERMERCADO E DEILLE UNHA MALLEIRA AO MEU FILLO

ÁGORA [A Coruña]

— POSTA EN ESCENA: Roberto Salgueiro — REPARTO: Antón Torrado Puime, Lucía Casal Muñiz, Laura Valeiras — DURACIÓN: 45 minutos

A proposta que realizamos parte do texto orixinal de Rodrigo García, lixeiramente adaptado e onde tamén se inclúe algún outro escrito do autor. Neste peza convive unha mestura de violencia e humor que retrata unha sociedade afeita a recibir o golpe e a aceptar a derrota, asumila como algo constitutivo do noso ser. E converter a risa nun xesto revirado, a gargallada nun corpo contraído. A obra completa de Rodrigo García [Bos Aires, 1964] está publicada en La Uña Rota [ed.], co título Cenizas escogidas: Obras 1986 - 2009. A duración da peza é de 45 minutos.

M.22/04

TEATRO

18:00 h.AULA DE TEATRO DA USC
AULA UNIVERSITARIA DE LUGO

VOILÀ

FÓRUM METROPOLITANO [A Coruña]

— DIRECCIÓN: An González — ACTRICES: Anna Aycoberry, Andrea Maseda, Estrella Tomé, Estela del Río, Alexia Villar — TÉCNICO: Jorge Castro — DURACIÓN: 60 minutos [aprox.]

‘Voilà’ cóntanos a odisea de Alicia e Juana, a súa nai. Mulleres da marxe, da fronteira, do borde, que tratarán de sobrevivir nun mundo que as expulsa.

Unha dramaturxia de An González inspirada libremente na personaxe de Alicia non país das marabillas; na película ‘Mommy’ de Xavier Dolan, no caso xudicial de Juana Rivas e en múltiples investigacións.

Centros de menores, abuso, crítica social e ao sistema xudicial patriarcal, segregación.

M.22/04

TEATRO

20:30 h.

AULA DE TEATRO DA UDC

CARTOGRAFAR SEN NORTE

TEATRO ROSALÍA DE CASTRO [A Coruña]

— DIRECCIÓN: Sara Rey — ELENCO: Alba Pose, Alicia Rivela, Ana Veiga, Andrea Peiteado, Carla Manso, Lydia Prada, María Justo, Marina Rivela, Mimí Ferreiro e Rebeca Ramón-Pardo — ESPAZO SONORO: Marcos Grandal — DURACIÓN: 45 minutos [aprox.]

“Cartografar sen norte” é un encontro entre dez mulleres que se atopan nun espazo entre a ficción e a realidade. Esta autoficción navega polos desexos das protagonistas de atopar un norte, un lugar ao que fuxir ou unha carta de navegación para ser as persoas que queren ser.

Unha investigación poética, un concerto de rock, unha fogueira e un tableau vivant para, sinxelamente, dialogar entre as intencións da cotidianeidade de dez protagonistas que, seguramente, non se atoparían se non fose polo teatro.

V.25/04

DANZA

20:00 h.

AULA DE DANZA DA UDC

HYPHĒ

ÁGORA [A Coruña]

— MEDIADOR: Javier Martín — INTÉRPRETES/CREADORAS: Nuria Citoula Rego, Sofía Pazos Pazos, María Justo Rodríguez, Lydia Prada, Pablo García Lagoa, Sofía Suárez Fernández e Cruz García Rodríguez — ACOMPAÑAMENTO DE: Lorena Barrán Gonzalez e Lara Hurriyet Lois — SONIDO: Miguel Ángel Fernández — MEDIADOR: Javier Martín — DURACIÓN: 22 minutos

Curvas afiadas. Liñas de fuga. No intre entre o propio e o vínculo. Cesar a busca. E quedar a sentir.

COMPAÑÍA DE DANZA DA
UNIVERSIDADE DA USC

REDes

— DIRECCIÓN: Juan Carlos Zahera — COREÓGRAFA: Rosa Acuña — INTÉRPRETES: Patricia Castro, Alicia Collazo, Iria Estévez, Inés F. Mosquera, Aida García, Andrea Gil e Alvaro R. Vazquez — MÚSICA: Collage Musical — VESTIARIO: Colectivo do Espazo de Danza da USC [Auto xestionado con tecidos reciclados de redes] — DURACIÓN: 17 minutos

Unen, limitan, protexen, atrapan, sosteñen... Unha palabra con moito contido por explorar... Nesta viaxe soltamos o que nos oprime e enredámonos co que nos nutre e conecta coa vida.

UNIVERSIDADE DE VIGO
AULA DE DANZA [CAMPUS DE OURENSE]

MAIS TARDE, QUE CEDO

— DIRECCIÓN: Ainhoa Linaza — COREÓGRAFA: Creación colectiva — INTÉRPRETES: María José Castro Fernández, Noelia Estévez Rionegro, Ainhoa Viñuela Don, Yolanda Pérez Sierra, Sira González Rodríguez, Noelia Rodríguez Pereira, María del Mar Pereira Gil, María Sonia Paz González, María Belén Ferro Bugueiro, Laura Mojica Garzón, Daniele Tommasini — DURACIÓN: [máximo 20m]

Unha paisaxe en constante transformación. A danza, o son, a pintura e a palabra atopáanse nun espazo onde a natureza e o amor son os fíos invisibles que tecen a escena. A peza desprégase nun xogo de improvisación e composición espontánea, onde o movemento dialoga co azar e o xesto convértese en signo. Entre a poesía e o humor, o efémero cobra forma a partir de La profecía de Silvia Pérez Cruz, lembrándonos que todo acontece... “máis tarde que cedo”.

M.14/05

TEATRO

20:30 h.AULA DE TEATRO DA UNIVERSIDADE DE VIGO
AULA UNIVERSITARIA DE OURENSE
[Grupo Maricastaña 2025]

LUDOVICO 2.5

TEATRO ROSALÍA DE CASTRO [A Coruña]

— DRAMATURXIA, ESCENOGRAFÍA E DIRECCIÓN: Fernando Dacosta — INSPIRADA LIBREMENTE EN: “A laranxa mecánica” de Anthony Burgess — REPARTO: Lola Fernández, Diego Galdo, Nuria Saco, Iria Losada, Olga Suárez, Irene Pérez, Marisol Amoeiro, Carmen Blanco, Vicki Reinoso, Silvia Cortón, Iván Iglesias, Miguel Estévez / Héctor Martínez, Nerea Rodríguez, Adrián Castro — ILUMINACIÓN, ATREZZO E TÉCNICOS EN XIRA: José Manuel Bayón, Rubén Dobaño — VESTIARIO E COMPLEMENTOS: Tegra e Lele — CARTEL E PROGRAMA: Pablo Otero — MÚSICA: Renata Coddá Fons — AUXILIAR DE DIRECCIÓN: Chelo Cortiñas — DURACIÓN: 60 minutos [aprox.]

Unha sátira social e unha proposta ao redor da violencia. Como mesturar sociopatía con ironía, sicopatía con humor negro, reflexión con diversión ou o punki con Beethoven. Ese é o camiño que temos que percorrer. A poética que debemos atopar. Unha obra controvertida e arriscada que trataremos de levar a escena coa perspectiva que dá traballala 63 anos despois da súa publicación.

Unha sociedade narcotizada, múltiples impedimentos para que a xuventude se sinta realizada. As drogas, o sexo e a violencia como saída. Unha violencia que vai pasando da sociedade ao individuo e que o individuo se encarga de descargar novamente na sociedade.

O emprego do medo por parte da ultradereita e os sectores máis conservadores do espectro político e económico.

Unha solución a ese medo e ao caos: Ludovico. Unha terapia condutista para que non se poda exercer o mal a cambio de aceptar como sociedade a tortura, a cambio de crer na mentira de que hai que elixir entre seguridade ou liberdade.